CAPA 31
Intervencións de conservación e recuperación no xacemento de Forno dos Mouros (Toques, A Coruña)
Roberto Aboal e Yolanda Porto (eds.)
Instituto de Ciencias del Patrimonio (Incipit)
Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)
Primeira edición

Resumo

O presente traballo recolle os resultados da actuación arqueolóxica desenvolvida no túmulo megalítico de Forno dos Mouros, no lugar de A Moruxosa, parroquia de San Paio de Paradela (Toques, A Coruña).

A estrutura da publicación está presentada en tres partes. Na primeira parte, móstranse os antecedentes da intervención arqueolóxica e faise unha diagnose patrimonial do monumento, detallándose os traballos previos que se desenrolaron no mesmo, así como o seu estado de conservación. A segunda parte, reflicte os resultados das actuacións realizadas dentro do marco do proxecto do ano 2009: os traballos de limpeza, documentación topográfica, escavación en área e documentación e conservación das pinturas. Na terceira parte, faise unha análise global da intervención, valorando os resultados da mesma en relación cos obxectivos marcados no proxecto de actuación.

Abstract

This text shows the results of the archaeological works carried out in the megalithic burial mound of Forno dos Mouros, located in A Moruxosa, within the parish of San Paio de Paradela (Toques, A Coruña).

The text is organized in three sections. In the first one, the background of this archaeological project is shown, together with the preliminary diagnosis of the monument's condition. This includes a description of the preliminary works conducted to make that diagnosis. The second section describes the results of the archaeological works developed in 2009: clearance, topographic survey, area excavation and documentation of paintings in the burial chamber. The third section includes general considerations about the project and its results, especially with relation to the initial objectives.

Palabras Chave

Forno dos Mouros, túmulo megalítico, escavación arqueolóxica, documentación, conservación, recuperación patrimonial.

Keywords

Forno dos Mouros, megalithic burial mound, archaeological excavation, documentation, conservation, heritage recovery.

INTRODUCIÓN

A intervención arqueolóxica formou parte do plan de medidas compensatorias que a empresa **Enel Unión Fenosa Renovables S. A (EUFER)** estaba interesada en abordar como eixo principal da estratexia de corrección do impacto xerado sobre o patrimonio cultural da Serra do Bocelo, para compensar a afección na paisaxe producida pola construción do parque eólico de Codesas[1].

A continuación, darase conta das diferentes fases de traballo desenroladas durante a intervención no xacemento, unha revisión dos antecedentes do proxecto, así como unha sinopse dos estudos previos desenrolados no sitio con anterioridade á realización destes traballos.

O obxectivo final da actuación proposta no proxecto era transformar o actual resto arqueolóxico, vulnerable e carente de significado social, nun ben axeitadamente conservado, coñecido e comprensible, adquirindo rango de recurso cultural e social valioso.

Os traballos tiveron lugar entre o 3 de xuño e o 31 de xullo de 2009. No que se refire aos traballos de escavación, procedeuse á apertura dunha superficie de 60 m^2, propoñéndose unha malla de URs de 4 x 4, englobando e ampliando a ambos lados a área de escavación do ano 1989.

[1] Os resultados quedaron recollidos no Informe Final *Estudo de Impacto Arqueológico del Parque Eólico de Codesas* (CJ 102A 2002/362-0), entregado na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural con data 04/04/03. Os traballos foron realizados polo Laboratorio de Arqueoloxía do IEGPS (CSIC-XuGa) e dirixidos por Enrique Álvarez Veira.